



ANPA CEIP de Prácticas

Paseo de Ronda 47, 15011 A Coruña

anpa.practicas.corunha@gmail.com

Síguenos en Facebook

Blog <https://anpapracticas.wordpress.com/>

Que é a ANPA?

A ANPA é a ferramenta principal da que dispoñemos as familias para canalizar a nosa opinión e participar nas decisións do centro, contribuíndo a enriquecer a comunidade educativa. Colabora na realización de eventos tales como celebracións, actividades globais ou proxectos educativos complementarios para toda a comunidade.

Que fai a ANPA?

Só para que te fagas unha idea, concretamos. A ANPA xestiona servizos tan fundamentais para a conciliación diaria das familias como son **madrugadores, comedor** e as actividades **extraescolares**. No caso de madrugadores e comedor, encárgase a empresa coruñesa Jardanay, quen, na actualidade, ofrece cobertura a máis de 100 familias.

Pero quen é a ANPA?

Aínda non te decataches? A ANPA es ti!

Bule a darte de alta como membro pagando a túa cota anual para beneficiarte de todos os dereitos e servizos no blog, en > **Acerca de** > **Asóciate**.

Para manterte ben informada/o aconsellámosche que te subscribas ás notificacións e/ou sigas a conta de Facebook. A info máis relevante e actualizada estará en > **Inicio**. Pásate con frecuencia!

E, cando desexes ter unha participación máis activa, organizar formación, festas, colaborar no Consello Escolar ou calquera outra iniciativa, vén formar parte da xunta da asociación ao inicio de cada curso lectivo!

Lémbrete sempre de que somos nais e pais traballadoras/es coma ti. O noso tempo é voluntario e limitado. Por iso, facilita a xestión coas ferramentas que poñemos á disposición.

A idea é que todas/os nos repartamos o traballo e nos beneficiemos deste labor!

Por certo, **AVISO PARA AS NOVAS SOLICITUDES DE COMEDOR**. Nos centros onde a xestión do comedor non é da Xunta, coma o noso, a ANPA intermedia coa empresa seleccionada. En consecuencia, debes darte de alta na súa plataforma coa debida antelación, antes do inicio do curso. Tes toda a info en > **Servizos** > **Servizo de comedor**. Para ser familia usuaria de comedor é imprescindible que esteas asociada á ANPA.

Xa temos unha planificación das **EXTRAESCOLARES 22-23**. Está suxeita a variacións e pendente de que se cubran os grupos propostos. Pero vaite botándolle un ollo en **Actividades > Extraescolares!**